

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO

AXUDAS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

ORDE do 6 de maio de 2021 (DOG nº 93 20/05/2021)

A. Destinatarios (*artigo 1*):

- a) Á participación no fondo solidario de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria (en diante, EP) e en 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria (en diante, ESO), cursos en que, necesariamente, se manterán os libros de texto do curso 2020/2021.
- b) Á convocatoria de axudas para adquirir libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de EP e en educación especial (en diante, EE), así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído nas disposicións adicionais primeira e segunda desta orde.
- c) Á convocatoria de axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado matriculado en EP, ESO e EE.

1º, 2º, 3º e 4º ESO: O alumnado matriculado nos centros e cursos incluídos no proxecto educación dixital (E-DIXGAL) no curso 2021/22 está **excluído da participación no fondo solidario de libros de texto** e das axudas para adquirir libros de texto. Non obstante, **terá dereito á axuda para adquirir material escolar, así como ás establecidas nas disposicións adicionais primeira e segunda, se reúne os requisitos establecidos nesta orde.**

B. Renda per cápita da unidade familiar (*artigo 3*): Exercicio fiscal 2019.

C. Membros computables da unidade familiar (*artigo 4*): terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar en 31 de decembro de 2019, agás no relativo á violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

D. Prazo para presentar solicitudes (*artigo 10*): **do 21 de maio ao 22 de xuño de 2021**, xa sexa por vía electrónica ou de modo presencial.

E. Documentación complementaria (*artigo 11*): **Ler con moita atención o contido deste artigo co fin de presentar para cada caso particular a documentación esixida pola normativa.** En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a **situación persoal, familiar e económica en 31 de decembro de 2019**, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica. Cando a documentación se presente no centro docente, **achegaranse fotocopias e os respectivos orixinais**, para que a persoa que a reciba verifique a súa autenticidade.

É imprescindible ler con moita atención a Orde do 6 de maio que regula todo o procedemento, así coma as instrucións dos impresos da solicitude, co fin de evitar visitas innecesarias.